

***Convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Universidade da Xunta de Galicia e e a Asociación de Colaboración e Promoción do Xordo (ACOPROS)***

**MEMORIA XUSTIFICATIVA**

O Secretario Xeral de Educación e Formación Profesional da Consellería de Cultura, Educación e Universidade,

**DECLARA:**

Que esta Consellería de Cultura, Educación e Universidade ten previsto formalizar coa Asociación de Colaboración e Promoción do Xordo (ACOPROS) o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o día da súa sinatura ata o finais do curso académico 2021-2022, isto é o día 31 de agosto de 2022, sendo prorrogado automaticamente por cursos académicos sucesivos, salvo denuncia expresa dunha das partes asinantes e cunha notificación á outra de dous meses de antelación. O seu contido poderá ser modificado, por mutuo acordo das partes, mediante a subscripción do oportuno acordo de modificación.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer as condicións da colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Universidade e a Asociación de Colaboración e Promoción do Xordo (ACOPROS) nas accións dirixidas á mellora da atención educativa ao alumnado con discapacidade auditiva e discapacidades asociadas.



Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

Que a Consellería considera como un dos piares fundamentais dun sistema educativo de calidade a atención á diversidade do alumnado, o que esixe unha acción educativa integral que dea resposta axeitada ás necesidades específicas de apoio educativo, sendo necesario, para este fin, contar con toda a comunidade educativa así como coas entidades, asociacións ou entidades sen ánimo de lucro que adiquen os seus esforzos a esta finalidade.

Que o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, dispón que o alumnado con necesidade específica de apoio educativo pode requirir "apoios ou provisións educativas diferentes ás ordinarias e que a consellería con competencias en materia de educación promoverá a colaboración entre as distintas administracións, entidades, asociacións e outras organizacións sen ánimo de lucro e con atribucións na prevención, detección temperá e intervención educativa co alumnado, establecendo protocolos comúns de actuación e favorecendo o intercambio de información e a difusión de boas prácticas".

Que ACOPROS é unha entidade sen ánimo de lucro que ten entre os seus principais obxectivos (tal e como se explicita no seu artigo 9 dos seus Estatutos) os seguintes:



- a.- Ofrecer asistencia aos discapacitados auditivos e ás súas familias xestionando ás demandas oportunas e adaptándoas as súas necesidades.
- b.- Estimular a formación e a participación das familias no proceso habilitador do seu/súa fillo/a xordo e no propio movemento asociativo.
- c.- Promover o diagnóstico e tratamento precoz da xordeira.
- d.- Mellorar a calidade na educación que recibe o/a neno/a e o/a mozo/a xordo favorecendo a súa integración social.
- e.- Fomentar a capacitación profesional e o acceso ao emprego das persoas xordas, promovendo a prevención de riscos laborais.
- f.- Informar e sensibilizar a toda a poboación xorda, aos seus pais, profesionais, dirixentes políticos, administracións públicas e á sociedade, así como eliminaras barreiras de comunicación.
- g.- Ter en conta como liña transversal de todas as actuacións de ACOPROS, ás mulleres con nenos e nenas con discapacidade auditiva e con outras discapacidades asociadas e mulleres e nenas con discapacidade auditiva e outras asociadas. ”.

En atención a estas consideracións, as dúas institucións teñen a vontade de sumar os esforzos que realizan no campo da atención educativa ao alumnado con discapacidade auditiva e discapacidades asociadas, manifestando que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do convenio que se pretende, con exclusión doutras figuras.



E para que conste, asíñase esta memoria en Santiago de Compostela

José Luis Mira Lema

